

ORIENTACIÓNS PARA O EQUIPO TÉCNICO DO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO (GALP)

O equipo técnico dun Grupo de Acción Local do sector pesqueiro (en adiante GALP) debería estar dimensionado en función dos seguintes criterios:

- Ámbito territorial do GALP
- Poboación da zona de actuación.
- Orzamento previsto a xestionar na EDLP.
- Outros factores específicos a xustificar polo grupo.

En consecuencia, o número de persoas contratadas que conformen o equipo técnico, así como a súa cualificación, deberían xustificarse en función das necesidades do GALP determinadas de acordo cos criterios anteriores.

POSTOS E TAREFAS

1. Xerente:

- Dirixe e coordina ao resto do equipo, de ser o caso.
- Responsable da dinamización e da xestión dos expedientes de subvencións enmarcados no FEMP.
- Responsable da consecución dos obxectivos marcados polos órganos de decisión do GALP para o desenvolvemento da EDLP.
- Informa e presta asesoramento técnico a emprendedores e empresas.
- Asesora sobre as necesidades de financiamento de proxectos enmarcados no FEMP.
- Capta e canaliza iniciativas de desenvolvemento local susceptibles de percibir fondos.
- Dinamiza colectivos para a posta en marcha de proxectos en común.
- Responsable do seguimento e avaliación da EDLP.
- Outras relacionadas.

Requisitos:

- Ser licenciado ou graduado universitario.
- Ter experiencia profesional acreditada en desenvolvemento local participativo.
- Dedicación exclusiva ao GALP, con exclusión de calquera outro tipo de actividade laboral ou profesional.

2. Persoal técnico:

- Asesora a promotores dende o primeiro contacto co GALP.



Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

- Leva a cabo a dinamización e xestión de proxectos.
- Acompaña ao promotor e seguimento tras a posta en funcionamento da actividade e control das obrigas e compromisos do beneficiario.
- Outras relacionadas.

Requisitos:

- Ser licenciado ou graduado universitario.
- Ter experiencia profesional acreditada en desenvolvemento local participativo.

3. *Persoal administrativo:*

- Labores administrativas

Requisitos:

- Administrativo/a: debe ter o título de bachelato ou equivalente e experiencia profesional acreditada, que preferiblemente que tamén inclúa en desenvolvemento local participativo.
- Auxiliar administrativo/a: debe ter o título da ESO ou equivalente e experiencia profesional acreditada, que preferiblemente tamén inclúa en desenvolvemento local participativo.

Os gastos de funcionamento dos equipos técnicos financiaranse coas operacións de funcionamento dos GALP e segundo a dotación máxima, limitacións e requirimentos que se establezan nos convenios de colaboración cos grupos seleccionados.

O equipo mínimo de xestión dun GALP estará constituído por unha persoa xerente ou persoal técnico, que ademais das funcións anteriores:

- Prestará asistencia aos órganos do GALP (presidente/a, xunta directiva e asemblea xeral) nas funcións que teñan encomendadas.
- Actuará como órgano técnico de asistencia aos órganos do GALP na valoración de proxectos presentados para o desenvolvemento da EDLP.
- Será responsable da xestión e administración do GALP, realizando as tarefas necesarias para o correcto funcionamento da asociación, xa sexa polos seus medios propios ou coordinando ao resto do equipo.

Por outra banda, recoméndanse consultar as *habilidades e recursos para os equipos dos grupos de acción local* no seguinte enlace da Rede Europea das Zonas de Pesca, FARNET:



Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

https://webgate.ec.europa.eu/fpfis/cms/farnet/files/documents/FLAG_dream-team_FINAL_ES.pdf



Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas